

Os Traballos Fin de Grao do Grao en Arquitectura Técnica, cunha nota de 8 ou superior, incorpóranse a texto completo ao Repositorio Dixital Institucional da Universidade da Coruña (RUC), se o seu autor autorizouno.

Hai que ter en conta os dereitos de autor destes traballos.

Os autores dos documentos depositados no RUC manteñen os seus dereitos e concédennlle á UDC unha licenza non exclusiva de distribución. Por tanto, os autores poden seguir facendo uso dos seus traballos, publicalos, etc., e aqueles que os consulten han de citalos.

Podemos localizar estes Fins de Grao desde o catálogo da biblioteca e acceder ao **texto completo** depositado no RUC a través dunha **ligazón** (picando en Texto completo dispoñible vía RUC, Repositorio da Universidade da Coruña).

OUTRO  
**Interacción de procesos BIM** sobre una vivienda del movimiento moderno : la ville Savoye  
 Gómez Fernández, Iván; Vázquez-Rodríguez, Pepe; Universidade da Coruña. Escola Universitaria de Arquitectura Técnica. 2013  
[Dispoñible en liña >](#)

VER EN LIÑA  
 Texto completo dispoñible vía:  
 RUC. Repositorio da Universidade da Coruña

DETALLES  
 Título **Interacción de procesos BIM** sobre una vivienda del movimiento moderno : la ville Savoye  
 Autoría Gómez Fernández, Iván >  
 Vázquez-Rodríguez, Pepe >  
 Universidade da Coruña. Escola Universitaria de Arquitectura Técnica. >  
 Tema BIM >  
 Modelo 3D >

Hai unha trintena de Traballos Fin de Grao que ingresaron na Biblioteca antes de que se decidise o depósito no RUC. Polo tanto, estes non constan no repositorio e non hai acceso a eles a texto completo, son de Consulta en Sala na Biblioteca, coma os Traballos Fin de Carreira.

Os Traballos Fin de Mestrado, con 8 ou unha nota superior, tamén ingresan a texto completo no RUC. Pero

tamén hai uns poucos de Consulta en Sala na Biblioteca que son anteriores a esta normativa.

## 1-COMO BUSCAR TODOS OS TFG do noso Grao

### Desde o catálogo:

Para recuperar tamén os Traballos de Fin de Grao que están depositados no RUC, A forma máis sinxela de buscar todos os Traballos de Fin de Grao, tanto os dispoñibles en CD-ROM como os depositados no RUC:

Palabra Clave: **euat grao**



Filtrando os resultados da busca polo tipo de recurso *Teses e traballos académicos* obteremos os TFG en CD-ROM, e filtrando por *Outro*, os traballos no RUC.



Desde o RUC: <https://ruc.udc.es/home>

Accedemos ao RUC desde a web da biblioteca:



Eliximos a colección **Traballos académicos**.



E despois aplicamos os filtros *Tipo de traballo académico TFG* e *Titulación: Grao en Arquitectura Técnica*.



Podemos empregar outros filtros para buscar por *autor*, *director*, *data* ou *palabra clave* na subcolección de traballos.

**Filtros**

**Autor/a** +

**Director/a** -

López Rivadulla, Francisco Javier 28

Mantiñán Campos, Carlos 19

Medín Guyatt, Roberto Antonio 19

Porta-Rodríguez, Manuel 14

Losada-Pérez, Carlos 9

[Amosar máis](#)

**Buscar por nome do director/a**

Nome do director/a

**Data de publicación** +

**Palabra chave** +

Para procuras máis concretas é máis axeitado usar o catálogo da biblioteca, que busca mellor.

Cando vemos un traballo que queremos consultar, picamos no seu título para acceder á súa descrición e na marxe esquerda temos os pdfs.

**Análisis de conflictos en modelos BIM (Clash detection)**



**Tipo de traballo académico**  
TFG

**Titulación**  
Grao en Arquitectura Técnica

**Resumen**  
[Resumen] Análisis de conflictos estáticos  
Mi trabajo fin de grado tiene como objetivo el estudio de uno de los procesos mas importantes dentro de la gestión de un proyecto BIM. Este procedimiento se está aplicando en la mayoría de las grandes obras a nivel internacional y gracias a él se están obteniendo cotas muy altas en cuanto a eficiencia y calidad a la hora de la ejecución. En definitiva, voy a explicar paso a paso como se debe realizar correctamente este proceso que creo que será obligatorio en nuestro país en un futuro no muy lejano.  
[Abstract] Clash detection  
The principal objective of my work is to explain one of the most important processes in the management of a BIM project. In the big constructions of today, are applying this methodology and are getting a high level of efficiency and quality at the execution time. In conclusion, I'm going to explain step by step this process that I think that it will be essential in the future.

**Archivos**  
[AraujoMorales\\_Borja\\_TFG\\_2015.pdf \(3.91 MB\)](#)

**Identificadores**  
URI: <http://hdl.handle.net/2183/15266>

**Fecha de publicación**  
2015

**Autores/as**  
Araujo Morales, Borja

**Directores/as**  
Porta-Rodríguez, Manuel

**Otras responsabilidades**  
Universidade da Coruña, Escola Universitaria de Arquitectura Técnica

**Palabras clave**  
Modelado de información de construción BIM

## 2-PROCURAS MÁIS CONCRETAS DESDE O CATÁLOGO: por autor, temática...

Desde a **Busca avanzada** do catálogo.

- Incluimos en *Calquera campo* as palabras clave **euat grao**.
- Usamos os despregables para buscar en campos concretos (autor, título, materia) ou en calquera campo (poden usarse máscaras, como o asterisco \* para que busque todas as terminacións do vocábulo).
- E combinámoslos cos operadores (**e**, **e non**, **ou**, **perto**, **antes**, **despois**).
- Podemos engadir os límites que nos interesen (rango de anos,...)

**CRITERIOS DE BUSCA**

Buscar:  
 Buscar en todo  
 Materiais impresos e audiovisuais  
 Recursos electrónicos

Filtros de busca

Calquera campo contén **euat grao**

E Calquera campo contén **acústic\***

E Autoría contén **Pedro Nogueira López**

Se nos interesan traballos doutros graos que poidan tratar a mesma temática non teriamos que incluír *euat* como palabra clave.

Tamén poden interesarnos Fins de Carreira ou de Mestrado.

Na seguinte [ligazón](#) podes consultar unha guía máis extensa sobre a procura de traballos académicos da EUAT.

## PROCURA DE TRABALLOS FIN DE GRAO CON ACCESO AO TEXTO COMPLETO

Abril 2026



Foto: Héctor Santos-Díez